



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dirección pública profesional

|                       |   |        |       |              |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia               | Dirección pública profesional   |        |       |              |
| Código                | P07G095V01306   |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Dirección e Xestión Pública   |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS   | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6   | OB     | 3     | 2c           |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego  |        |       |              |
| Departamento          | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía  |        |       |              |
| Coordinador/a         | Canoura Leira, Victoria   |        |       |              |
| Profesorado           | Canoura Leira, Victoria   |        |       |              |
| Correo-e              | victoria.canoura.leira@uvigo.es   |        |       |              |
| Web                   |   |        |       |              |
| Descrición xeral      | A presente asignatura pretende preparar ao alumnado tanto a nivel teórico como práctico no desempeño e entendemento da función directiva.   |        |       |              |
|                       | Esta función directiva abórdase dende unha perspectiva de dirección pública profesional, que comparte as competencias propias da boa dirección e a relación coa xestión e as competencias, habilidades e/ou actitudes relacionadas co liderado. |        |       |              |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| A1     | Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos |
| A2     | Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo             |
| A3     | Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética   |
| A4     | Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado   |
| A5     | Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía   |
| B1     | Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo  |
| B2     | Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima   |
| B3     | Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares   |
| B4     | Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público  |
| B5     | Razoar criticamente   |
| C5     | Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía  |
| C6     | Aplicar os coñecementos relacionados coa planificación e a xestión administrativa para unha óptima gobernanza   |
| C15    | Identificar as consecuencias que a toma de decisións e os actos dos servidores públicos teñen sobre as persoas e a sociedade. Particularmente, na solución de problemas éticos e moráis, dentro da área da xestión e administración pública.                              |
| C16    | Desenvolver habilidades para a resolución de problemas institucionais complexos   |
| D1     | Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria   |
| D2     | Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua extranxeira  |
| D4     | Dominar as TIC relacionadas coa titulación no ámbito académico e profesional  |
| D5     | Integrar a aprendizaxe autónoma   |
| D6     | Adaptarse a novas situacións  |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |    |     |    |
|--|---------------------------------------|----|-----|----|
| Ao terminar a materia o estudantado será quen de: 1. Identificar as relacións entre función directiva, persoas e modelos de dirección pública. 2. Analizar a función directiva no marco das Administracións públicas e os estados de benestar. 3. Combinar os diferentes elementos da dirección pública profesional: valores, normas, xestión, competencias e habilidades. 4. Elexir un modelo de dirección pública profesional que se adapte ao entorno institucional multinivel e en rede. 5. Expoñer e xustificar os valores éticos das institucións públicas en relación aos problemas sociopolíticos complexos. | A1                                    | B1 | C5  | D1 |
|  | A2                                    | B2 | C6  | D2 |
|  | A3                                    | B3 | C15 | D4 |
|  | A4                                    | B4 | C16 | D5 |
|  | A5                                    | B5 |     | D6 |

## Contidos

| Tema  |   |
|---|---|
| 1. As institucións públicas na era da gobernanza: A función directiva                         | 1. Dirección e Organizacións<br>2. Administración Relacional<br>3. Gobernanza e Dirección Pública<br>4. Orixe, contexto e natureza do Directivo Público                     |
| 2. Función directiva en perspectiva europea: especial referencia ao contexto xurídico español | 1. A importancia da Dirección Pública a nivel europeo<br>2. Claves fundamentais do ordenamento xurídico español como explicación das características actuais                |
| 3. A incidencia da normativa actual no modelo directivo                                       | 1. Análise normativa xeneral<br>2. Análise dinámica do funcionamento do contexto legal sobre a realidade da función directiva   |
| 4. Delimitacións estruturais previas  | 1. A difícil separación entre política e Administración: o espazo intermedio da Dirección Pública Profesional<br>2. O hábitat natural da existencia do Directivo Público    |
| 5. Aspectos técnicos dos perfís directivos propostos  | 1. Trazos fundamentais: coñecementos, habilidades e actitudes. O Directivo Público desde a perspectiva do liderado<br>2. A adaptación do Directivo á contorna da gobernanza |
| 6. Planificación e aspectos técnicos: o directivo como líder                                  | 1. Tipos de liderado<br>2. Modelo de liderado para as organizacións públicas actuais  |
| 7. Aspectos técnicos do establecemento da función directiva                                   | 1. A fase de recrutamento<br>2. A fase de selección   |

## Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Estudo de casos                         | 8.5           | 10                 | 18.5         |
| Instrucción programada                  | 4             | 13.5               | 17.5         |
| Resolución de problemas                 | 15            | 16                 | 31           |
| Lección maxistral                       | 16            | 15                 | 31           |
| Foros de discusión                      | 5             | 15                 | 20           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 7             | 21                 | 28           |
| Exame de preguntas obxectivas           | 2             | 0                  | 2            |
| Exame de preguntas de desenvolvemento   | 2             | 0                  | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

|                         | Descrición   |
|-------------------------|--|
| Estudo de casos         | En grupo, os participantes na materia analizarán distintos casos de directivos públicos.   |
| Instrucción programada  | Realizar prácticas utilizando información obtida de internet pero validada cientificamente   |
| Resolución de problemas | A función directiva profesional ou Dirección Pública Profesional (DPP) configúrase como unha actividade que precisa de análise en clave de competencias. Na metodoloxía de problemas exponse a análise e debate en grupo das competencias que se requiren para o desenvolvemento dun eficaz liderado institucional por parte dos DPP |
| Lección maxistral       | Participar, de forma individual ou colectiva, a través de preguntas nas sesións de teoría.   |
| Foros de discusión      | Foros sobre materias ou novas importantes para o entendemento actualizado da asignatura  |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

Lección maxistral Ao longo das diferentes sesións maxistrais programadas na guía da materia, a persoa titora encargárase de resolver as dúbidas que se expoñan en relación cos contidos, a metodoloxía e os exercicios establecidos para o bo desenvolvemento da mesma. A atención personalizada tamén se poderá desenvolver, nos foros xerais, ou por mail no caso de que sexan consultas estritamente persoais sen impacto no desenvolvemento da materia. O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

| <b>Avaliación</b>                       |  |               |                                       |          |    |                |
|---|--|---------------|---------------------------------------|----------|----|----------------|
|   | Descrición   | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |          |    |                |
| Instrucción programada                  | Visionado e contestación a unha serie de preguntas sobre unha conferencia relacionada coa Dirección Pública profesional  | 15            |                                       | B3<br>B4 | C5 | D2<br>D5       |
| Foros de discusión                      | Debate presencial sobre un tema relacionado co materia, formando parte do proxecto de creación del "Club de Debate" de la Facultade de Dirección e xestión Pública | 5             | A2<br>A3<br>A4                        | B3<br>B5 | C5 | D1<br>D2<br>D5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Resolución de tres exercicios relacionados coa temática da materia   | 30            |                                       | B3<br>B5 | C5 | D1<br>D2<br>D5 |
| Exame de preguntas obxectivas           | Un test para avaliar as competencias adquiridas do alumnado. Por cada 3 preguntas mal contestadas restarase 1 pregunta ben.  | 25            |                                       | B1<br>B5 | C6 | D1<br>D2<br>D5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento   | Unha parte de preguntas de desenvolvemento e/ou de comentario de texto, na que o alumnado deberá demostrar a asimilación do contido das competencias.              | 25            |                                       |          |    |                |

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para considerar superada a avaliación continua debe alcanzarse un mínimo de 4 puntos. Para considerar superado o exame debe alcanzarse un mínimo de 4 puntos. Para poder sumar as cualificacións do exame da avaliación continua, polo tanto, debe ter una puntuación mínima en cada una das partes de 4 puntos. Na convocatoria de segunda oportunidade (extraordinaria) gardaránse as notas das probas de avaliación continua, sendo o exame similar ao da convocatoria ordinaria, é dicir tipo test de resposta corta penalizando as erroneas e un exame de preguntas de desenvolvemento

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Francisco Longo, **Oferta y demanda de gerentes públicos. Un marco de análisis de la institucionalización de la dirección pública profesional**, CLAD,

Rafael Jiménez Asensio, **Directivos Públicos**, IVAP,

Francisco Vanaclocha y Antonio Natera, **Los liderazgos en el mercado político y la gestión pública**, Universidad Carlos III y BOE,,

Salvador Parrado, **El liderazgo y la gestión directiva en las organizaciones públicas: el estado de la cuestión**, Prentice Hall,,

Enrique José Varela Álvarez,, **Manual de Xestión de Persoas e Equipos de Traballo nas Organizacións Públicas. Unha Visión para a Xunta de Galicia**,,, EGAP. Xunta de Galicia,

Enrique José Varela Álvarez,, **Dirección Pública Profesional. Lecturas para Xestionar a Era da Gobernanza**, EGAP. Xunta de Galicia,

#### **Bibliografía Complementaria**

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Ciencia política: Ciencia da administración e xestión pública/P07G095V01102

### **Outros comentarios**

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispor dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPD no que o tratamento é necesario para o exercicio do poder públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

---